

TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Prácticas de consolidación e adhesión de bens culturais
Departamento: Principios de conservación dos bens culturais
Formación básica
Curso: 2º
1º Cuadrimestre
7 ECTS
Teórico- Práctica
Profesor: Antón Pereira Abonjo / Clara Alonso López
anton.pereira@edu.xunta.gal / calolop@edu.xunta.gal
Horario: 9 horas semanais
DESCRICIÓN DA MATERIA

Execución de tratamentos de conservación básicos mediante prácticas sobre maquetas ou obra real. Consolidación: criterios, materiais e técnicas aplicados ós distintos bens culturais. Adhesión: criterios, materiais e técnicas aplicados ós distintos bens culturais

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración mais axeitado.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración
X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio
X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.

CURSO ACADÉMICO 2023-2024

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e a restauración
Coñecer os produtos e metodoloxía de aplicación dos tratamentos de consolidación e adhesión
Formular solucións prácticas a problemas sinxelos, valorando a importancia do traballo en equipo
Esbozar un programa de traballo

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidades	Subtemas	% da materia
1. Conceptos xerais de consolidación e adhesión	- Conceptos xerais: consolidación; adhesión - Polímeros - Clasificación dos produtos consolidantes e adhesivos	20 %
2. Materiais orgánicos	Conceptos, criterios, metodoloxía e produtos	50%
3. Materiais inorgánicos	Conceptos, criterios, metodoloxía e produtos	30%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	1		1
Sesión maxistral	30		30
Memoria de prácticas e comentario crítico de artigos especializados	5	5	10
Prácticas de laboratorio	126		126
Estudo e/ou traballo autónomo		8	8
Total	162	13	175

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos básicos da materia mediante a proxección de presentacións que ficarán a disposición dos estudantes.
Memoria de prácticas ou comentario crítico de artigos especializados	Actividades para promover a reflexión, síntese e establecer conclusións ben sexa partir do traballo práctico realizado ou a partir dun artigo con temática relacionada.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (talleres de conservación-restauración).

Estudo e/ou traballo autónomo	Estudo individual, utilizando diversas fontes (documentación aportada polo profesor – plataforma Moodle-, bibliografía, etc.)

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas, combinando exercicios-problema con preguntas de resposta curta.	- Aplicación dos coñecementos adquiridos - Corrección no desenvolvemento do exercicio	60%
Resolución problemas / exercicios	- Puntualidade na entrega - Calidade: rigor técnico; grao de aplicación de conceptos teóricos - Capacidade de reflexión, síntese e para establecer conclusións - Claridade e eficacia na expresión. Forma	20%
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula	- Participación - Interese - Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. - Calidade no traballo - Responsabilidade no traballo - Capacidade de organización	20%
Total		100%

OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Dado o carácter práctico da materia, a asistencia é necesariamente obrigatoria.
- A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación e na perda da avaliación que se realiza de modo continuo ao longo do curso. O alumnado que exceda o 20% de faltas de asistencia sen xustificar, perderá o dereito á avaliación continua.
- Avaliarase así, de forma continuada, o progreso no proceso de aprendizaxe, incluíndo neste proceso todos os resultados acadados no traballo de clase (realización de todas as prácticas, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados), e nos exames propostos ao longo do curso. Sea imprescindible acadar un mínimo de 4 para facer media entre as notas e un mínimo de 5 para aprobar.
- A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da aplicación da avaliación continua.
- Os alumnos que non superaran a convocatoria ordinaria ou que perdesen a posibilidade de presentarse a esta polas causas anteriormente descritas terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.
- De cara á avaliación extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita e, unha vez superada esta, unha proba práctica de materia.

ADAPTACIÓNS CONTEMPLADAS ANTE UNHA ENSINANZA TELEMÁTICA

- Emprego da plataforma moodle (respetando a estrutura de contidos descrita para a ensinanza presencial) para compartir apuntamentos e contidos co alumnado, así como para programar e entregar as tarefas. Posible uso de foros e/ou pequenas tarefas de seguimento tipo test ou de resposta curta, no caso dun confinamento prolongado ou corentena de todo o grupo.
- Plataforma Webex para vídeo-clases e vídeo titorías: clases online, posta en común das lecturas realizadas, titorías, etc.
- Emprego do correo electrónico *edu.xunta* e do sistema de mensaxería de moodle: notificacións e comunicación en xeral.
- De darse o caso, realización da proba escrita a través de moodle.
- No caso de que un ou varios alumnos teñan que entrar en corentena, propóranse actividades complementarias ou substitutivas ao traballo presencial.
- Os criterios de avaliación manteranse, en principio, conforme están expostos para a docencia presencial. De acordo ás circunstancias sobrevindas (confinamento, corentena, etc.) poderanse modificar para adaptalos a un posible (e prolongado) proceso de docencia a distancia. Nese caso, poderán incrementarse ou reducirse as porcentaxes dos epígrafes da avaliación, sempre co acordo do departamento e traslado inmediato da información ao alumnado.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- * ANITA QUYE AND COLIN WILLIAMSON: Plastics. Collecting and conserving. NMS Publishing Limited.1999.
- * BORGIOLI, L.: Polimeri di sintesi per la conservazione della pietra, Il Prato, 2002
- * CANADIAN CONSERVATION INSTITUTE: Saving the Twentieth Century: The Conservation of Modern Materials.1993.
- * HORIE, C.V. : Materials for conservation. Butterworths, London, 1987.
- * RCM (guía de productos): Sustancias naturales y materias plásticas, Barcelona
- * TORRACA, G.: Solubilidad y disolventes en los problemas de conservación, ICCROM, Roma, 1981
- * TORRACA, G.: Lectures on materials. Science for architectural conservation, The Getty Conservation Institute, Los Angeles, 2009
- “Electronegativity. Chemical bonds, crystals, molecules and chemical reactions”, páx. 1-36
- “Natural and synthetic polymers”, páx. 147-173
- “Silicates, silanes and silicones”, páx. 175-186. Podédelo descargar en: http://www.getty.edu/conservation/publications_resources/pdf_publications/torraca.pdf
- * VV.AA.: An introduction to materials. Science for conservators. Book 1. The Conservation Unit, London, 1987. (Tamén dispoñible en castelán)
- * VV.AA.: Cleaning. Science for conservators. Book 2. The Conservation Unit, London, 1987. (Tamén dispoñible en castelán)
- * VV.AA.: Adhesives and coatings. Science for conservators. Book 3. The Conservation Unit, London, 1987. (Tamén dispoñible en castelán)
- * VILLARQUIDE JEVENOIS, A.: Restauración e conservación de pintura sobre tea. Alteracións, materiais e tratamentos, Normal Edicións de Arte, Ourense, 2001.